



CONXUNTURA HOTELEIRA EN GALICIA

**Análise da demanda, ocupación e
rendibilidade empresarial**

Outubro de 2016

ANÁLISE DA DEMANDA E OCUPACIÓN HOTELEIRA (INE). Outubro 2016

O informe que a continuación se presenta analiza os resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do INE para Galicia correspondentes ao **mes de Outubro de 2016**. Inclúe unha breve análise das principais variables de conxuntura no sector hoteleiro, ofrecendo en todo momento unha comparativa cos datos obtidos en anos anteriores -e concretamente co pasado 2015- así como cos resultados obtidos polas restantes comunidades autónomas. Neste sentido o informe sitúa nunha perspectiva temporal e territorial os datos deste mes de outubro.

Neste informe definitivo abórdase ademais un estudo máis pormenorizado da conxuntura hoteleira de Galicia a partir da análise das dinámicas observadas en cada unha das tipoloxías e categorías do aloxamento, do comportamento observado nos diferentes segmentos de mercado e da conxuntura a nivel territorial –análise das provincias e dos principais destinos turísticos da comunidade-.


Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Outubro 2016

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 16/15	Nº	Var. Int. 16/15
VIAXEIROS	9.254.210	6,5%	407.731	8,9%
NOITES	29.896.141	6,5%	759.538	9,6%
ESTADÍA MEDIA	3,23	0,0%	1,86	0,6%
% OCUPACIÓN	59,49%	2,48	38,50%	4,06
% OCUPACIÓN Fds	63,49%	2,11	43,95%	4,73

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH


- No pasado mes de outubro deste ano 2016 Galicia rexistra un incremento dos seus niveis de demanda turística correspondente aos establecementos hoteleiros. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados –un 8,9% rexistrando algo máis de 400.000- así como as pernoctacións –que se incrementan neste caso un 9,6% con preto de 760.000 no conxunto da comunidade-.

Fig. 1. Noites nos establecementos hoteleiros de Galicia. Mes de Outubro 2005-16



- É o terceiro ano consecutivo no que se rexistra un incremento da demanda hoteleira en Galicia neste mes de outubro, medida en pernoctacións. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13 –moi acusada xustamente despois do Xacobeo co descenso do 18,7% e máis moderada en 2012, do 6,2%, e en 2013, do 4,4%- a demanda dos hoteis e pensións da comunidade recupérase notablemente en 2014 –cunha suba do 13,6%- que terá continuidade nos dous anos seguintes con incrementos do 7,5% en 2015 e do 9,6% agora en 2016. Con esta dinámica Galicia supera por cuarta vez a barreira das 700 mil pernoctacións hoteleiras no mes de outubro –acontecera o mesmo nos anos Xacobeo 2004 e 2010 e tamén en 2007-, marcando neste caso a cifra máis elevada dos últimos seis anos.


Fig. 2. Variación interanual do volume de viaxeiros e noites. Mes de Outubro 2006-16



- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella, con incrementos consecutivos nos tres últimos anos –do 15,0% en 2014, do 12,3% en 2015 e do 8,9% agora en 2016- que sitúan o dato actual nun máximo histórico no mes de outubro con pouco máis de 407.000 viaxeiros –supera neste caso nun 11% o dato do último Xacobeo-. É a primeira vez que Galicia supera a barreira dos 400 mil viaxeiros aloxados no mes de outubro.
- A tendencia positiva da demanda hoteleira no mes de outubro da continuidade ao bo comportamento que se observa nos primeiros nove meses do ano e confirma dalgunha maneira os resultados positivos que este segmento do aloxamento ten neste 2016. Non en vano no acumulado anual ata o mes de outubro a demanda dos hoteis e pensións de Galicia supera nun 7,2% o nivel do mesmo período do pasado ano, rexistrando preto de 7,5 millóns de pernoctacións no conxunto da comunidade.
- En termos de volume o incremento global da demanda tradúcese en máis de 33.000 novos viaxeiros e en preto de 67.000 novas pernoctacións en comparación coas cifras rexistradas en outubro de 2015.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un incremento dos niveis de demanda hoteleira, do 6,5% tanto no caso dos viaxeiros aloxados –con algo máis de 9,2 millóns- coma das pernoctacións –con preto de 30 millóns no conxunto do Estado-.


- Esta dinámica positiva vén como consecuencia do bo comportamento observado en practicamente todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Marca a excepción Madrid como único destino que presenta unha caída da demanda hoteleira neste mes de outubro – cun descenso das pernoctacións do 5,4%-.
- En termos relativos o incremento de maior intensidade localízase en destinos do norte peninsular e particularmente en Asturias –cunha suba do 16,9% nas pernoctacións hoteleiras-, Cantabria –do 14,2%- e Navarra –do 13,2% neste caso-. Marcan tamén incrementos importantes, por encima do 10% interanual, Andalucía e Aragón.
- Galicia sitúase a continuación das anteriores cun crecemento global da demanda hoteleira do 9,6%. No lado contrario son Cataluña e Estremadura os destinos que presentan os incrementos máis modestos, do 3,0% e 2,1% respectivamente.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante sendo Cantabria e Aragón as comunidades con maior intensidade de crecemento –do 16% e 14% respectivamente neste caso-.
- Así pois, o incremento da demanda a nivel estatal vén condicionado polos incrementos rexistrados en practicamente todas comunidades autónomas entre as que destacan aquelas insulares, Canarias e Baleares, que lideran xunto con Andalucía e Cataluña o mercado turístico neste décimo mes do ano –as catro absorben en conxunto ao 71% do total da demanda hoteleira-. Case tres de cada catro pernoctacións hoteleiras corresponden, por tanto, a un destes catro destinos españois.
- Canarias é neste mes –a diferenza do que acontecía nos tres anteriores- o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –con 6,0 millóns de pernoctacións representa o 20,1% da demanda do conxunto do Estado-. Seguen en orde de importancia, por volume e peso, Baleares –con preto de 5,9 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 4,8 millóns-, Cataluña –con máis de 4,5 millóns-, a C. Valenciana –con 2,4 millóns- e Madrid –con pouco máis de 2,0 millóns neste décimo mes do ano-. Estas seis comunidades absorben o 86% do total da demanda hoteleira do mes de outubro.

Fig. 3. Estadía media nos establecementos hoteleiros. Mes de Outubro, 2005-16



- O 14% restante repártese no resto das comunidades autónomas entre as que destacan Castela e León –co 2,6% do total- e Galicia –que neste mes representa o 2,5% do total estatal-.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia mantense estable neste mes de outubro situándose en 1,86 noites de media. Por vez primeira nos últimos seis anos a estadía media hoteleira do mes de outubro non cae en termos interanuais pois desde o 2011 viña rexistrando descensos consecutivos de diversa intensidade –en outubro de 2010 a estadía media hoteleira en Galicia situábase levemente por encima de 2,1 noites de media, cifra que pasa a 1,8 en 2015 e agora en 2016-.
- Por tanto ralentízase un mes máis a tendencia observada nestes últimos anos nos que, por mor da crise, se axusta o orzamento e a duración das viaxes e visitas turísticas en termos xerais e tamén na nosa comunidade-.
- A nivel estatal a estadía media mantense absolutamente estable en pouco máis de 3,2 noites no conxunto da oferta hoteleira. Destaca Canarias unha vez máis como o destino cos valores máis elevados pois rexistra un promedio de 7,0 noites neste décimo mes do ano. Segue en importancia Baleares, cun rexistro de 6,4 noites de media e a distancia a C. Valenciana –con pouco máis de 3,3 noites neste caso-. Castela e León marca, unha vez máis, o valor máis baixo pois fica en 1,6 noites de media. Neste contexto Galicia sitúase nunha posición intermedia en relación ao conxunto do Estado.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar a nivel de comunidades autónomas, sendo maioría aquelas nas que descende en relación ao pasado ano. Sobe a estadía media en seis destinos –presentando Asturias o incremento máis notable cun 6,4%-, mantense estable en dúas comunidades e descende nas restantes, sendo a caída máis notable en Madrid e Aragón –de case un 3% neste caso-.

Fig. 4. Grao de ocupación por prazas. Mes de Outubro, 2005-16



- Como consecuencia do bo comportamento da demanda, que se produce nun contexto de leve caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,1% en relación ao pasado ano-, os niveis de ocupación do sector hoteleiro en Galicia melloran en comparación co mes de outubro de 2015, en algo máis de catro puntos porcentuais, para situarse no 38,5% de media.

- Neste ámbito concreto acontece algo parecido ao comentado anteriormente para o caso das pernoctacións. Logo das caídas rexistradas nos anos 2011 e 2012 a ocupación dos hoteis e pensións de Galicia estabilízase en 2013 e comeza a recuperación en 2014 –a ocupación sobe en 2,6 puntos nese ano- tendo continuidade nos dous posteriores -mellora tamén en 2,6 puntos en outubro de 2015 e en algo máis de catro puntos porcentuais agora en 2016. Esta tendencia positiva leva a que Galicia acade neste mes de outubro a cifra máis elevada desde o 2010 – período no que a porcentaxe de ocupación situábase no 39%-.
- A nivel estatal mellora tamén a ocupación hoteleira, en 2,5 puntos porcentuais, para situarse no 59,5% de media. Canarias é neste mes o destino que rexistra a porcentaxe máis elevada cun 79,8% de media –cifra que supera en case tres puntos o nivel de outubro do pasado ano-. Baleares –co 65,5% de media- e Madrid –co 62,2%- seguen en orde de importancia.
- A pesar dos bos resultados neste ranking Galicia sitúase no grupo de comunidades coas cifras máis modestas xunto con Asturias. Supera neste mes os valores rexistrados en Estremadura e Castela A Mancha –destino este último que marca a cifra máis baixa cun 34,4% de media-.
- En termos dinámicos mellora a ocupación en boa parte das comunidades autónomas, con intensidade variable. Só en dúas deles non acontece o mesmo. País Vasco –onde se mantén en niveis practicamente equivalentes aos do pasado ano- e Madrid –destino que neste caso presenta un descenso de máis de tres puntos porcentuais-.
- Navarra –cun incremento superior aos cinco puntos porcentuais- é o destino que lidera o crecemento da ocupación a nivel nacional. Seguen en orde de importancia Cantabria, Asturias, Baleares e Galicia, con subas que se sitúan por encima dos catro puntos porcentuais.
- En fin de semana melloran tamén os niveis de ocupación nos establecementos hoteleiros de Galicia, concretamente en 4,7 puntos porcentuais, acadando un 44,0% de media no conxunto da comunidade –a cifra máis elevada desde outubro de 2007-.
- Da observación e análise dos datos anteriores conclúese que neste mes de outubro Galicia rexistrou niveis excelentes de demanda e ocupación no sector hoteleiro, circunstancia importante polo que supón de continuidade á tendencia que se ven rexistrando nos últimos meses.

PREZOS E RENDIBILIDADE EMPRESARIAL

Tab. 2. ADR e RevPAR. Outubro 2016

	ESPAÑA		GALICIA	
	Euros	Var. Int. 16/15	Euros	Var. Int. 16/15
FACTURACIÓN POR HAB. OCUPADA (ADR)	78,2 €	4,5%	56,3 €	3,5%
INGRESO POR HAB. DISPONIBLE (RevPAR)	52,3 €	10,1%	24,7 €	16,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de IRSH


- A tarifa media diaria aplicada nos hoteis e pensións de Galicia neste mes de outubro sitúase en 56,3 euros, cifra que sobe en relación ao mesmo período do pasado ano –un 3,5% en particular-. Tal circunstancia enmárcase nun contexto de disparidade de comportamento a nivel estatal con crecementos en parte das comunidades autónomas e caídas noutra parte delas.
- A nivel estatal a tarifa media diaria sitúase en 78,2 euros, cifra que neste caso sobe un 4,5% en relación ao mesmo período do pasado ano. Cataluña e Canarias –con 95,0 e 92,8 euros respectivamente- marcan os valores máis elevados neste mes. Segue en importancia Madrid –con 86,2 euros- por diante do País Vasco –que rexistra un ingreso medio por habitación ocupada de 80,0 euros-. As restantes comunidades autónomas sitúanse por debaixo da media estatal marcando Andalucía e Baleares os valores máis notables –rexistran cifras levemente superiores aos 70 euros-.
- Neste ranking Galicia oferta neste mes a sexta cifra máis baixa do conxunto do Estado con 56,3 euros de facturación media, superando o valor rexistrado en Aragón, Castela A Mancha, Murcia, Cantabria e Asturias –esta última marca o valor máis baixo con 52,8 euros de media-.
- Os prezos hoteleiros soben en parte das comunidades autónomas –dez en particular- sendo Canarias o destino no que se observa un maior incremento relativo en relación ao pasado ano –supera nun 8,6% o dato de outubro de 2015-. Sobe tamén de forma destacada en Estremadura –un 7,9%- e en Baleares –en pouco máis dun 7%- . Galicia sitúase neste caso no grupo de comunidades cun crecemento máis modesto.
- Navarra e Murcia manteñen estables as tarifas hoteleiras en comparación co mes de outubro do pasado ano mentres que as cinco restantes presentan descenso de diversa intensidade. Neste caso son os hoteis e pensións de Cantabria e País Vasco os que amosan as caídas máis destacadas –as tarifas hoteleiras descenden un 6,0% e 8,1% respectivamente-.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación neste mes de outubro, acontecida nun contexto de incremento dos prezos hoteleiros, ten como consecuencia que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2015 –o RevPAR sobe un 16,1% ata situarse en 24,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. Rexistra neste mes o segundo maior incremento en termos relativos –só Estremadura presenta unha mellora de maior intensidade-.

- A pesar desta notable mellora, auspiciada polo bo comportamento da demanda, da ocupación e das tarifas hoteleiras, os niveis de rendibilidade dos hoteis e pensións de Galicia seguen sendo dos máis baixos do conxunto do Estado. Neste mes supera soamente os valores acadados en dúas comunidades concretas: Asturias –que marca un ingreso medio por habitación dispoñible de 24,4 euros- e Castela A Mancha –que rexistra a cifra máis baixa con 22,3 euros-.
- Canarias –con 81,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- lidera de forma destacada o ranking de rendibilidade hoteleira a nivel das comunidades autónomas. Seguen a distancia Madrid –con 67,6 euros- e Cataluña –con 66,0 euros neste caso-.
- O RevPAR hoteleiro sobe en boa parte das comunidades autónomas –en catorce delas concretamente- destacando neste caso Estremadura como o destino onde se incrementa con maior intensidade –os niveis de rendibilidade melloran nun 17,5% neste mes-. Segue Galicia cun crecemento moi destacado, do 16,1%, por diante de Asturias e Murcia –que marca incrementos por encima do 14% interanual-.
- No lado contrario son tres as comunidades onde se observa unha caída da rendibilidade hoteleira neste mes de outubro. Son Cantabria, Madrid e País Vasco –destino este último que marca o descenso máis notable, do 4,4%, provocado por unha forte caída das tarifas hoteleiras pois os niveis de ocupación mantéñense estables en relación ao pasado ano-.
- A nivel estatal melloran tamén os niveis de rendibilidade empresarial, nun 10,1%, rexistrando un ingreso medio por habitación dispoñible de 52,3 euros.

PROCEDENCIA

- O 72,6% da demanda hoteleira de Galicia deste mes de outubro corresponde ao mercado nacional, porcentaxe que engloba ao turismo interno –isto é, aos residentes na propia comunidade, segmento que supón o 25,0% do total da demanda- e ao receptor nacional – segmento que corresponde neste caso aos españois residentes fóra da comunidade e que supoñen o 47,5% neste caso-.
- O 27,4% restante corresponde ao turismo internacional, isto é, ao peso do mercado estranxeiro dentro do sector hoteleiro da nosa comunidade. En termos de viaxeiros aloxados esta porcentaxe é superior e sitúase no 33% do total de Galicia.


Fig. 5. Distribución da demanda hoteleira (pernoctacións) segundo procedencia. Outubro 2016



- Esta distribución da demanda aseméllase en parte ao observado no mes de setembro –no que toca ao reparto entre turismo nacional e internacional- e dista do que se observara no verán cando o peso do turismo nacional chegaba ao 80% do total das pernoctacións hoteleiras –cun forte peso ademais do mercado receptor procedente do resto do Estado-. Neste mes o turismo interno cobra novamente certo protagonismo e con 190.000 pernoctacións hoteleiras colócase cunha cota de mercado do 25% -a máis alta desde o mes de abril-.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, se ben aprécianse diferenzas de intensidade. O turismo interno –aquel representado polos residentes en Galicia- presenta un incremento do 14,1% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado en parte polo crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 7,7% neste caso- acompañado dunha mellora da estadia media. Este incremento, similar en intensidade ao rexistrado nos pasados meses de xullo e agosto, supera en cambio ao que se observou no pasado ano –en outubro de 2015 o turismo interno subiu un 2,4%- rompendo desta maneira unha serie de caídas consecutivas nos sete anos anteriores –de 2008 a 2014-. Esta suba de dous anos consecutivos, diferente en intensidade, sitúa o nivel do turismo interno de outubro deste ano en 190 mil pernoctacións, a cifra máis elevada dos últimos sete anos.
- En termos de viaxeiros aloxados este segmento acada tamén niveis importantes e elevados con pouco máis de 95.000 no conxunto da comunidade.

- O mercado receptor nacional –aquel conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo superando nun 5,3% o nivel de demanda do pasado ano –favorecido neste caso pola suba da cifra de viaxeiros aloxados, do 8,4%-. Este segmento acumula tres anos consecutivos de mellora da demanda en Galicia no mes de outubro –con subas do 19,0% en 2014, do 7,7% en 2015 e do 5,3% agora en 2016 que permiten recuperar boa parte do perdido nos anos anteriores e marcar, con algo máis de 360 mil pernactacións, a cifra máis elevada desde o último Xacobeo 2010.
- En termos de viaxeiros aloxados o segmento receptor nacional rexistra tamén a cifra máis elevada dos últimos seis anos con algo máis de 177 mil.

Fig. 6. Variación interanual dos viaxeiros e pernactacións segundo procedencia. Outubro 2016/15




- O turismo internacional participa tamén do comportamento positivo da demanda cun incremento en relación ao pasado ano. Supera nun 13,7% o nivel de pernactacións hoteleiras de outubro de 2015 –circunstancia que vén como consecuencia dunha suba da cifra de viaxeiros estranxeiros neste caso do 10,6% auspiciada por unha leve mellora da estadia media-. Neste caso son cinco os anos consecutivos nos que se rexistra un comportamento positivo do turismo internacional en Galicia neste mes de outubro, con subas acumuladas do 8,8% en 2012, do 7,1% en 2013, do 21,3% en 2014, do 12,3% en 2015 e do 13,7% agora en 2016. Salvo no primeiro ano da crise –en 2008- e logo en 2011 por mor do efecto post-xacobeo, o turismo internacional presenta tradicionalmente un bo comportamento no mes de outubro, gañando ademais cota de mercado nestes últimos anos.
- Esta mellora permite acadar unha vez máis niveis históricos de demanda internacional en Galicia no mes de outubro, cando menos no sector hoteleiro, superando por vez primeira as 200 mil pernactacións neste décimo mes do ano.
- O turismo internacional representa neste mes de outubro o 33,1% do total de viaxeiros aloxados e o 27,4% das pernactacións hoteleiras de Galicia, cifras que marcan tamén máximos históricos neste período.

Tab 3. Distribución porcentual do TURISMO NACIONAL, e porcentaxe de variación interanual, por CC.AA.

OUTUBRO 2016			
CC.AA.	Noites	% s/ total	Var. Int. 16/15
T. NACIONAL	551.048	100,0%	8,2%
Galicia	190.017	34,5%	14,1%
Madrid	80.504	14,6%	-15,6%
Andalucía	45.046	8,2%	47,8%
Castela e León	43.105	7,8%	4,3%
Cataluña	35.865	6,5%	6,3%
Asturias	28.194	5,1%	-9,7%
País Vasco	23.976	4,4%	12,9%
C. Valenciana	22.881	4,2%	24,3%
Resto de España	81.460	14,8%	-

- Dentro do segmento nacional, Galicia é o principal mercado emisor dentro da nosa comunidade – isto é, o turismo interno representa o 25,0% do total da demanda hoteleira e o 34,5% da demanda de orixe estatal. O 65,5% restante repártese entre as outras comunidades autónomas nas que destaca claramente Madrid –con algo máis de 80 mil pernoctacións é o principal mercado emisor do conxunto do Estado cun 14,6% do total da demanda estatal neste mes de outubro-.
- Só estes dous mercados absorben case a metade do total das pernoctacións hoteleiras realizadas por españois dentro da nosa comunidade neste décimo mes do ano, porcentaxe superior á de meses anteriores que se explica fundamentalmente polo incremento do peso do mercado interno.

Fig. 7. Var. Int. Viaxeiros e Pernoctacións dos principais mercados NACIONAIS. Outubro 2016/15



- A distancia dos dous anteriores sitúanse os restantes mercados nacionais entre os que destacan neste mes os dous de maior proximidade –Castela e León cunha cota do 7,8% e Asturias cun 5,1%- que xunto con Cataluña –co 6,5%- e por detrás de Andalucía –que representa neste mes o 8,2%- sitúanse novamente entre os principais mercados na nosa comunidade. O País Vasco e a C. Valenciana seguen a continuación co 4,4% e 4,2% respectivamente.
- Mantense a grandes trazos a estrutura clásica da demanda nacional logo de que se observaran cambios importantes no verán con varias excepcións: liderando Madrid o ranking de pernoctacións hoteleiras por diante do propio mercado interno, e quedando o mercado asturiano, por exemplo, a longa distancia cun peso significativamente baixo.
- En termos globais, o turismo nacional en conxunto presenta un comportamento positivo neste mes de outubro superando nun 8,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 8,2% o volume de pernoctacións do pasado ano. Esta cifras veñen como consecuencia dos crecementos rexistrados por boa parte dos mercados emisores nacionais coa excepción de dous concretos: Madrid –que presenta un descenso do 15,6% provocado por unha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable- e Asturias –que descende neste caso un 9,7% froito tamén dunha caída da estadia media nun contexto no que o volume de viaxeiros é levemente menor ao do pasado ano-.
- Do lado contrario obsérvase un comportamento positivo nos restantes principais mercados destacando en intensidade o crecemento do turismo andaluz que supera nun 48% os niveis de demanda do pasado ano para situarse no terceiro en orde de importancia por detrás de Galicia e Madrid. Aмосa tamén un incremento notorio o mercado interno –dos residentes na comunidade- que supera nun 14% as cifras de demanda de outubro de 2015 –en termos absolutos este crecemento supón a xeración de máis de 23 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano, o maior incremento neste ámbito-.
- Participan tamén desta dinámica positiva outros mercados principais, con taxas de crecemento variables entre as que destacan o País Vasco –cunha suba do 13%- e a C. Valenciana –cun incremento neste caso do 24%- . Cun ritmo menor sitúanse Cataluña –cunha suba do 6,3%- e Castela e León –mercado que sobe neste caso con menor intensidade, un 4,3%- . Este último presentan a particularidade de que o incremento das pernoctacións vén do lado da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende en termos interanuais –un 3,5% en particular-.
- Nesta liña obsérvase que agás no caso de Madrid e Castela e León, o comportamento global dos principais mercados emisores nacionais vén dado pola dinámica da cifra de viaxeiros aloxados amortiguada nalgúns casos ou favorecida noutros pola evolución da estadia media.
- En resumo, por tanto, obsérvase un comportamento positivo xeneralizado dos principais mercados emisores nacionais coa excepción clara de Madrid que froito dunha caída da estadia media presenta un menor volume global de pernoctacións nos establecementos hoteleiros da comunidade. Acontece o mesmo co mercado asturiano se ben o seu peso e influencia no comportamento global do turismo nacional é menor.


Tab 4. Distribución porcentual do TURISMO INTERNACIONAL, e porcentaxe de variación interanual, por países

OUTUBRO 2016			
PAÍS	Noites	% s/ total	Var. Int. 16/15
T. INTERNACIONAL	208.490	100,0%	13,7%
Portugal	24.833	11,9%	22,2%
Alemaña	24.026	11,5%	14,1%
EE.UU.	22.976	11,0%	8,8%
Italia	15.780	7,6%	12,9%
Francia	14.350	6,9%	9,1%
Reino Unido	11.893	5,7%	18,8%
Irlanda	6.587	3,2%	-5,6%
Resto de Mundo	88.045	42,2%	-

- A nivel internacional destaca este mes como principal mercado Portugal, circunstancia propia da nosa comunidade que só puntualmente viuse modificada en maio co liderado de Alemaña. En calquera caso, e a diferenza dos meses anteriores, o liderazgo de Portugal é menos notorio neste mes de outubro pois con preto de 25 mil noites apenas absorbe o 11,9% do total internacional.
- Sitúanse a continuación, e a corta distancia, dous mercados importantes: Alemaña –que rexistra pouco máis de 24 mil pernoctacións, o 11,5%- e EE.UU. –que recupera protagonismo neste mes de temporada media-baixa e con preto de 23 mil pernoctacións absorbe o 11,0% do total internacional da comunidade-. Estes dous mercados xunto con Portugal representan neste mes de outubro o 34,5% do turismo internacional da comunidade.
- Seguen a continuación no ranking de principais países Italia e Francia –con cotas do 7,6% e 6,9% do total internacional respectivamente- por diante de Reino Unido –segmento que absorbe neste mes ao 5,7% das pernoctacións estranxeiras-.
- Estes seis mercados –os cinco principais europeos mais o americano- absorben neste mes ao 55% do total da demanda internacional de Galicia –cifra inferior á de meses anteriores-. O 45% restante repártese entre outros países emisores entre os que destacan Irlanda –mercado que absorbe ao 3,2%- e os Países Baixos -país que en outubro representa o 2,6% neste caso-.
- Esta distribución porcentual correspóndese con volumes de demanda importantes aínda que inferiores aos rexistrados nos meses inmediatamente anteriores. En estrutura o ranking é moi semellante ao observado no pasado mes de xuño cando Portugal lideraba, seguido de preto por Alemaña e EE.UU., o mercado internacional na nosa comunidade. Naquel momento o peso dos principais mercados era lixeiramente superior e os seis primeiros considerados –os cinco principais europeos máis o americano- sumaban o 60,4% do total do turismo internacional de Galicia. Neste sentido, por tanto, a estrutura do mercado estranxeiro de outubro vincularíase a un mes de temporada media pola semellanza co mes de xuño e sobre todo pola diferenza que se observa en relación ao verán, por exemplo.

- Outro elemento a destacar neste segmento de mercado é a ampla variedade de países de orixe dos viaxeiros estranxeiros. Os principais mercados sinalados anteriores representan o 60% do total internacional. O 40% restante distribúese nun amplo elenco de países entre os que destacan neste mes Polonia, Suíza e Xapón.
- Neste mes o 64% do turismo internacional de Galicia é de orixe europea –cifra inferior á de meses anteriores pois o dato ascende ao 72% en setembro ou ao 82% en agosto- mentres que o 25% provén do continente americano. Un 11% corresponde a mercados do resto do mundo entre os que destaca Xapón –co 1,6% do total internacional-. En comparación cos meses anteriores en outubro gaña certo protagonismo o turismo de procedencia non europea manténdose en todo caso este con cotas moi elevadas.

Fig. 8. Var. Int. Viaxeiros e Pernoctacións dos principais mercados INTERNACIONAIS. Outubro 2016/15




- Tal como se comentou anteriormente o turismo internacional mellorou nun 13,7% os niveis de demanda neste mes. Tal circunstancia vén como consecuencia dun incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros aloxados nos hoteis e pensións de Galicia, que sobe un 10,6%, favorecido por unha leve suba da estadía media –do 2,8% neste caso-. Este resultado global vén como consecuencia dos crecementos observados en practicamente todos os principais mercados internacionais –coa excepción de Irlanda que marca neste mes unha caída do 5,6% no volume de pernoctacións hoteleiras-.
- Ademais de liderar o mercado internacional en volume e peso, Portugal marca tamén neste mes un dos incrementos de maior intensidade en termos interanuais –superando nun 22% o volume de pernoctacións hoteleiras do pasado ano-. Tal circunstancia vén acompañada dun crecemento tamén destacado da cifra de viaxeiros aloxados, do 18% neste caso.
- Presentan tamén un comportamento singularmente intenso e positivo, con incrementos por encima do 10% interanual, os mercados británico –que rexistra un crecemento do 19% no nivel de demanda grazas a unha notable mellora da cifra de viaxeiros aloxados, do 13%, favorecido por unha mellora da estadía media-, o alemán –que sobe neste caso un 14% pola combinación inversa da mellora da cifra de viaxeiros do 21% e caída da da estadía media- e o italiano –que mellora

neste caso un 13% como consecuencia da combinación positiva de crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, do 8%, e mellora da estadía media-.

- Neste contexto positivo enmárcanse tamén os crecementos rexistrados polos restantes mercados considerados, sendo ademais de semellante intensidade: crece un 9% a demanda do turismo americano, francés e dos Países Baixos.
- Fóra dos principais mercados considerados sitúanse neste mes, tal como se comentou anteriormente, Polonia e Suíza. Ambos presentan un comportamento homoxéneo e positivo –o primeiro supera nun 15% as cifras de outubro de 2015 mentres que o segundo presenta un incremento máis suave, do 4,2% neste caso-.
- Na maior parte dos casos a evolución da demanda vén condicionada pola dinámica da cifra de viaxeiros aloxados, presentando variacións parellas que veñen reforzadas ou amortiguadas pola evolución da estadía media. Este paralelismo rómpese nalgunhas dinámicas concretas como é o caso do mercado francés –onde a mellora da estadía media contrarresta a caída da cifra de viaxeiros e coloca a taxa de evolución das pernoctacións no 9%-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia difire levemente entre os principais segmentos de mercado. Neste mes en concreto rexistra o valor máis alto o viaxeiro español residente fóra de Galicia que fica unha media levemente por encima das dúas noites. O viaxeiro residente presenta un valor algo inferior –concretamente dúas noites de media- quedando neste caso o estranxeiro co dato máis baixo –neste mes de outubro fica de media 1,5 noites-.

Fig. 9. Estadía media dos principais mercados turísticos. Outubro 2016



- En termos dinámicos a estadía media a nivel de grandes mercados turísticos presenta variacións dispares neste mes de outubro, mellorando a do viaxeiro residente –un 6%- e a do estranxeiro –un 3%- e caendo a do viaxeiro español de fóra de Galicia –preto dun 3% neste caso-.
- Dentro do mercado nacional os segmentos que presentan as estadías máis elevadas son Andalucía –cunha media de 2,2 noites- e os viaxeiros procedentes de comunidades do norte –Castela e León e País Vasco neste caso, ambas do contorno de 2,1 noites-.
- No ámbito internacional todos os mercados se sitúan por debaixo das dúas noites destacando en todo caso os valores dos viaxeiros de Reino Unido –cuxa media supera a cifra de 1,8 noites-.

TIPOLOXÍA DE ESTABLECEMENTO E CATEGORÍAS

Como complemento á información facilitada nos apartados anteriores, analízanse a continuación os datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira por tipoloxía e categoría dos establecementos e para o conxunto de Galicia.


Tab 5. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación por tipoloxía de establ. Outubro 2016

	HOTEIS		PENSÍONS	
	Nº	Var. Int. 16/15	Nº	Var. Int. 16/15
VIAXEIROS	310.227	6,4%	97.505	17,9%
NOITES	605.805	7,0%	153.734	21,4%
ESTADÍA MEDIA	1,95	0,6%	1,58	2,9%
% OCUPACIÓN	43,5%	3,20	26,5%	5,62

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Con algo máis de 600 mil pernoctacións, case o 80% da demanda turística deste mes de outubro concéntrase nos hoteis mentres que o 20% restante corresponde ás pensións –rexistran pouco máis de 150 mil pernoctacións neste caso-. Este reparto porcentual é semellante ao que se rexistrara en meses anteriores como xullo ou setembro observándose en todo caso un leve incremento do peso dos hoteis fronte ás pensións respecto de agosto nun contexto de subas da demanda en ambas tipoloxías.

Fig 10. Reparto da demanda hoteleira por categorías. Outubro 2016




- O reparto por categorías amosa unha vez máis unha correlación elevada entre o volume de demanda e a oferta dispoñible. Neste sentido son os hoteis de catro e cinco estrelas os que absorben a maior parte do total –o 35,7% das pernoctacións corresponden a este segmento

concreto, cifra superior á rexistrada nos meses anteriores -no verán, por exemplo, quedaba por debaixo do 30% do total da demanda-.

- Os hoteis de tres estrelas absorben o 20,4%, os de dúas estrelas o 14,1% mentres que os dunha estrela quedan co 9,5% do total. En comparación co período estival obsérvase un maior peso do segmento de maior categoría en favor dun menor volume nos hoteis de menor categoría, de unha e tres estrelas. Novamente esta estrutura aseméllase máis ao perfil da demanda en temporada media.
- Nas pensións obsérvase un reparto semellante entre aquelas de dúas e tres estrelas –que absorben o 10,9%- e as de unha estrela –co 9,3% neste caso-, porcentaxes que se asemellan ademais ao segmento dos hoteis dunha estrela.
- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento, con incrementos dispares da demanda en relación ao pasado ano que responden a motivos semellantes. Nos hoteis increméntase o volume de pernoctacións un 7,0% grazas á mellora da cifra de viaxeiros aloxados –do 6,4%- nun contexto de certa estabilidade da estadía media.
- Nas pensións melloran tamén os niveis de demanda e con maior intensidade –as pernoctacións soben un 21,4%- grazas á combinación positiva do incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 17,9%, e a mellora da estadía media.

Fig 11. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións segundo categoría. Outubro 2016/15




- Por categorías hoteleiras obsérvase neste décimo mes do ano certa homoxeneidade de comportamento, con incrementos xeneralizados da demanda en case todos os segmentos. A excepción vén da man dos hoteis dunha estrela que se manteñen en niveis semellantes aos do pasado ano –neste caso a mellora da estadía media contrarresta o efecto negativo do descenso da cifra de viaxeiros aloxados-.
- No ámbito dos hoteis o comportamento positivo esténdese ás restantes categorías, con incrementos diversos mais importantes. Destaca en intensidade a mellora da demanda rexistrada

nos hoteis de tres estrelas onde o volume de pernoctacións incrementábase nun 13% en relación ao pasado ano. Nas restantes categorías obsérvase tamén unha dinámica positiva con subas do 5,4% nos hoteis de catro e cinco estrelas e do 7,9% nos de dúas estrelas.

- Nas pensións o comportamento é homoxéneo e intenso, con melloras da demanda naquelas de tres e dúas estrelas –do 27%- e naquelas dunha estrela –do 15,5% neste caso-. En ambas obsérvase paralelamente un crecemento da cifra de viaxeiros aloxados en proporcións semellantes, do contorno do 18%.
- En resumo, por tanto, o comportamento positivo é xeneralizado e soamente se observa certa estabilidade da demanda –medida en pernoctacións- nos hoteis dunha estrela.
- En termos globais a evolución da demanda vén bastante condicionada pola dinámica dos viaxeiros aloxados, variando en similar dirección, se ben nalgúns casos inflúe tamén o comportamento da estadía media.


Fig 12. Estadía media segundo categoría. Outubro 2016



- A estadía media nos hoteis sitúase en case dúas noites neste décimo mes do ano, cifra que ascende a preto de 2,2 noites para aqueles de dúas estrelas –segmento que rexistra o valor máis alto da oferta hoteleira-. Os hoteis de tres estrelas fican tamén por encima das dúas noites –cun valor próximo a 2,1 noites- quedando os segmentos alto e baixo por debaixo desta cifra –os de catro e cinco estrelas en preto de 1,9 noites e os de unha estrela en 1,7 noites-.
- Nas pensións, en cambio, a estadía media é menor e queda en 1,6 noites, rexistrando o valor máis alto aquelas de tres e dúas estrelas –con preto de 1,9 noites de media no mes de outubro-. As pensións dunha estrela rexistran o valor máis baixo de todas as categorías hoteleiras con 1,3 noites de media.
- Así pois, neste décimo mes do ano pódense distinguir tres segmentos en canto ao valor da estadía media: aqueles que rexistran unha media superior ás dúas noites –hoteis de tres e dúas estrelas-, aqueles que se sitúan por debaixo desta cifra pero en valores próximos –hoteis de catro e cinco estrelas, hoteis dunha estrela e pensións de tres e dúas estrelas- e aqueles que amosan un valor notablemente baixo, de 1,3 noites neste caso –as pensións dunha estrela-.

- En termos dinámicos obsérvanse variacións dispares da estadía media. A grandes trazos sobe e mellora nos hoteis dunha estrela –un 5,7%, amortiguando desta maneira o descenso da cifra de viaxeiros aloxados neste segmento- e nas pensións de tres e dúas estrelas –un 8,0% neste caso-. Mantense estable nos hoteis de catro e cinco estrelas así como naqueles de dúas estrelas e cae nos restantes segmentos: hoteis de tres estrelas –un 1,4%- e pensións dunha estrela –un 2,3% neste caso-.
- O comportamento da demanda condiciona en boa medida os resultados en termos de ocupación en cada unha das categorías hoteleiras neste décimo mes do ano. Así pois, tal como se observa na figura posterior, os niveis de ocupación melloran en todos os segmentos considerados, con diversa intensidade.

Fig 13. Grao de ocupación e variación interanual, por categoría. Outubro 2016



- A suba máis destacada en termos diferenciais prodúcese nas pensións de tres e dúas estrelas onde os niveis de ocupación melloran en máis de seis puntos porcentuais. Sobe tamén de forma importante, en niveis próximos aos cinco puntos, en tres segmentos concretos: os hoteis de tres estrelas, os hoteis de dúas estrelas e as pensións dunha estrela. En todos os casos a mellora vén do lado da demanda, isto é, do crecemento das pernoctacións favorecido en dous segmentos concretos pola caída da oferta dispoñible: o volume de prazas ofertadas descende un 6% nos hoteis de dúas estrelas e un 8% nas pensións dunha estrela, circunstancia que favorece o incremento dos niveis de ocupación.
- No caso dos hoteis de tres estrelas e as pensións de tres e dúas estrelas a oferta mantense practicamente invariable.
- Nos outros dous segmentos considerados mellora tamén a ocupación aínda que con menor intensidade: en 2,4 puntos nos hoteis de catro e cinco estrelas –froito do crecemento da demanda nun contexto de estabilidade da oferta- e en apenas medio punto nos hoteis dunha estrela –como consecuencia dunha leve caída da oferta dispoñible pois o volume de pernoctacións mantense practicamente nos niveis do pasado ano-.

- En liña co observado noutras variables de oferta ou demanda, as cifras de ocupación difiren tamén entre as diversas categorías hoteleiras. Neste mes de outubro a porcentaxe máis elevada sitúase nos hoteis de catro e cinco estrelas –segmento que ocupou un 52,8% das prazas ofertadas. Nos hoteis de tres estrelas a porcentaxe é algo inferior e sitúase no 47,7% mentres que se coloca próxima ao 37% nos hoteis de dúas estrelas.
- Nas restantes categorías a cifra sitúase por debaixo do 30% con apenas diferenzas. En síntese sitúase no 28,0% nos hoteis dunha estrela, no 29,4% nas pensións de tres e dúas estrelas e fica no 23,7% nas pensións dunha estrela –segmento que neste mes rexistra a porcentaxe máis baixa do conxunto da oferta hoteleira-.

ANÁLISE POR PROVINCIAS


Neste apartado realízase unha avaliación dos datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira por provincias, como primeira aproximación á análise territorial das cifras correspondentes a este décimo mes de 2016.

Tab 6. *Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación en Estab. Hot., por provincias. Outubro 2016*

		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VIAXEIRO	Nº	204.135	62.362	29.078	112.156
	Var. 16/15	11,6%	0,7%	10,2%	8,7%
NOITES	Nº	333.001	101.697	56.962	267.877
	Var. 16/15	8,0%	12,8%	6,6%	11,2%
ESTADÍA MEDIA	Nº	1,63	1,63	1,96	2,39
	Var. 16/15	-3,3%	12,0%	-3,3%	2,3%
% OCUPACIÓN	%	41,41%	33,52%	28,99%	40,04%
	Var. 16/15	4,27	5,39	1,32	3,98

- En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda hoteleira presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.


Fig 14. *Distribución territorial da demanda hoteleira, por provincias. Outubro 2016*



- A Coruña é a provincia que lidera o mercado turístico hoteleiro en Galicia neste mes de outubro pois absorbe o 44% da demanda total da comunidade –cifra levemente superior á rexistradas nos meses anteriores do verán-. Segue en orde de importancia Pontevedra, cun 35% neste caso –cifra neste caso inferior ás do verán cando puntualmente conseguira liderar o mercado turístico hoteleiro de Galicia-. Ambas provincias representan, por tanto, o 79% do total da demanda de Galicia –porcentaxe semellante á de meses anteriores-.

- O 21% restante queda nas provincias do interior, cifra que se reparte de forma dispar entre Lugo e Ourense –esta última é tradicionalmente a provincia de menor peso no conxunto da comunidade, cando menos no ámbito hoteleiro-. Absorben o 13,4% e o 7,5% do total da comunidade, respectivamente.
- O reparto territorial da demanda hoteleira tende cara unha estrutura máis propia da temporada media manténdose en calquera caso a forte concentración nas provincias do litoral atlántico en detrimento de Lugo e principalmente Ourense. Sitúase novamente A Coruña como a provincia de maior volume e peso dentro de Galicia, posición que mantivo ao longo do primeiro semestre pero que acadou no verán a provincia de Pontevedra –ratificando un perfil diferente da demanda no período estival en relación ao resto do ano-.


Fig 15. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por provincias. Outubro 2016/15



- A nivel territorial obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo da demanda hoteleira en todas as provincias galegas, con variacións de diversa intensidade que se fan máis notorias en Lugo e Pontevedra –provincias que lideran o crecemento a nivel da comunidade autónoma neste mes de outubro-. Superan nun 12,8% e 11,2% respectivamente os niveis do pasado ano como consecuencia de dous factores dispares: no caso de Lugo o incremento da demanda vén do lado da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable a grandes trazos; en Pontevedra, pola contra, conflúen dinámicas positivas da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media sendo máis notoria a evolución da primeira variable.
- A Coruña e Ourense amosan tamén unha dinámica positiva aínda que de menor intensidade. Na primeira sobe o volume de pernoctacións hoteleiras un 8,0% como consecuencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 11,6%. En Ourense o incremento é levemente inferior, do 6,6% en termos globais, circunstancia motivada tamén por un crecemento paralelo, do 10,2%, da cifra de viaxeiros aloxados. En ambos casos o crecemento do volume de viaxeiros vese amortiguado por unha caída da estadía media de aí que as variacións globais dos niveis de demanda sexan de menor intensidade.
- En termos absolutos a aportación máis destacada ao crecemento global da demanda hoteleira en Galicia corresponde aos hoteis e pensións da provincia de Pontevedra onde se xeraron pouco

máis de 27 mil novas pernovernadas en relación a outubro de 2015. En A Coruña o incremento tradúcese en cifras tamén importantes coa xeración de preto de 25 mil novas pernovernadas en comparación co pasado ano. Lugo e Ourense contribúen en menor medida mais tamén con cifras importantes: pouco máis de 11.500 novas pernovernadas na primeira e 3.500 nesta última.

Fig 16. Variación interanual das pernovernadas por tipoloxías e provincias. Outubro 2016/15




- Da análise conxunta das tipoloxías de aloxamento e as provincias pódense extraer as seguintes conclusións:
 - En primeiro lugar hai que destacar unha vez máis que nas catro provincias galegas o peso dos hoteis supera de forma notable ao volume e peso das pensións no que atinxe ao reparto da demanda. Tal circunstancia faise máis plausible novamente en Pontevedra onde os hoteis absorben o 91% do total das pernovernadas -as pensións apenas representan o 9% neste caso-.
 - Nas restantes tres provincias o peso das pensións supera o 20% sendo Lugo aquela onde esta tipoloxía ten maior representatividade –o peso das pensións acada o 34% do total da demanda da provincia-.
 - Tres das catro provincias galegas –A Coruña, Lugo e Pontevedra- presentan un comportamento homoxéneo das dúas tipoloxías de aloxamento, isto é, tanto os hoteis coma as pensións presentan resultados positivos neste caso con incrementos de diversa intensidade. Son as pensións de Pontevedra –xustamente as de menor volume e peso- as que amosan maior dinamismo neste mes de outubro superando nun 57,1% os niveis do pasado ano. O crecemento da demanda nos hoteis é de menor intensidade mais tamén importante polo que supón de aportación en termos absolutos, situándose no 8,2% en relación ao pasado ano.
 - En A Coruña e Lugo sobe tamén a demanda en ambas tipoloxías mais en menor proporción e nun sentido inverso. Na primeira increméntase a demanda un 4,9% nos hoteis e un 18,5% nas pensións en relación ao pasado ano. En Lugo en cambio

obsérvase maior intensidade no lado dos hoteis onde as pernoctacións soben un 15,6% -nesta provincia a suba da demanda nas pensións sitúase no 7,8%-.

- Finalmente en Ourense o bo comportamento da demanda hoteleira atribúese en grande medida ao crecemento rexistrado nas pensións –que melloran nun 32,5% os niveis do pasado ano. No ámbito dos hoteis obsérvase máis ben certa estabilidade aínda que nun sentido estrito a demanda sobe un 0,8%.
- Nun sentido inverso obsérvase que o bo comportamento da demanda nos hoteis e nas pensións é unha características común a todas as provincias galegas –só en Lugo se observa certa excepción coa estabilidade do volume de pernoctacións no ámbito dos hoteis-. En consecuencia neste mes rexístrase unha completa homoxeneidade a nivel territorial do comportamento da demanda hoteleira.
- Algo máis da metade das pernoctacións correspondentes ás pensións –o 54% neste caso- son da provincia de A Coruña. Xunto con Lugo abranguen ao 76% do total da comunidade. Esta modalidade de aloxamento concéntrase claramente nas provincias do norte e singularmente en A Coruña.


Fig 17. Distribución porcentual da demanda hoteleira por provincias e procedencia. Outubro 2016



- Nas catro provincias galegas obsérvase un peso importante do turismo nacional se ben a nivel interno, como é habitual, hai diferenzas. Ourense é novamente a provincia con maior peso do turismo interno, onde representa xustamente a metade do total da demanda, porcentaxe superior á rexistrada nas restantes tres provincias –o peso dos residentes en Galicia sitúase no 38% en Lugo, no 25% en Pontevedra e no 17% en A Coruña, provincia esta última na que o mercado interno ten unha representatividade moi baixa-. De feito esta porcentaxe, que se asemella ás rexistradas nos pasados meses de agosto e setembro, colócase entre as máis baixas de todo o ano.
- En A Coruña, Lugo e Pontevedra o segmento de maior peso é o turismo receptor nacional –españóis residentes fóra de Galicia- circunstancia habitual noutras épocas do ano e que se mantén neste mes de outubro. O peso do mercado receptor nacional sitúase levemente por encima do 40% do total da demanda en dúas provincias –concretamente en A Coruña e Lugo- e ascende ao 57% en Pontevedra, acadando aquí novamente unha notable representatividade.

- En termos agregados, por tanto, o turismo nacional –interno máis receptor- ten un forte peso nas catro provincias galegas se ben a porcentaxe difire entre elas. Ourense é a que presenta un perfil máis intenso neste segmento pois o mercado nacional representa o 91% do total da demanda. Esta porcentaxe sitúase no 82,5% en Pontevedra, no 77% en Lugo e no 60% en A Coruña, provincia esta última na que o peso é relativamente inferior.
- Nun sentido inverso obsérvase por tanto que o turismo internacional ten unha forte presenza na provincia de A Coruña representando o 40% do total das pernoctacións hoteleiras. Este segmento adquire tamén notable peso en Lugo absorbendo o 23% do total da demanda.
- En Pontevedra e Ourense o peso do turismo estranxeiro é claramente menor representando o 17% da demanda na primeira e apenas o 9% do total nesta última.
- En termos globais, por tanto, obsérvase un perfil da demanda dispar nas catro provincias galegas cando menos en comparación co que se observaba no verán. En todas predomina o turismo nacional se ben o peso do mesmo vai do 60% en A Coruña –destacando singularmente o segmento receptor nacional- ao 91% en Ourense –provincia na que turismo interno e receptor nacional teñen volumes e pesos importantes-.
- Novamente Ourense é a provincia cun maior peso do mercado interno –co 50% do total da mesma- mentres que A Coruña destaca por unha maior representatividade do turismo internacional –cun 40% neste caso-.

Fig 18. Variación interanual das pernoctacións, por provincias e procedencia. Outubro 2016/15




- En relación co comportamento dos tres grandes segmentos de mercado en cada unha das provincias galegas obsérvase o seguinte:
 - En termos globais obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos en A Coruña e Lugo e certa homoxeneidade en Ourense e Pontevedra aínda que si se observan notables diferenzas de intensidade.
 - En A Coruña rexístrase un comportamento positivo do turismo receptor tanto de orixe nacional –que sobe un 10,5%- coma internacional –segmento que neste caso

incrementábase nun 9,5%-. O mercado interno, dos residentes en Galicia, presenta en cambio un leve descenso do 1,2% neste caso.

- En Lugo pola contra o comportamento positivo concéntrase no turismo nacional, tanto aquel interno –que se incrementa de forma notable superando nun 31,5% os niveis do pasado ano- como o que procede do conxunto do Estado –o segmento receptor nacional sobe un 7,5% neste caso-. A excepción vén do man do turismo internacional que presenta un descenso do 1,7% no volume de pernoctacións hoteleiras.
- En Ourense e Pontevedra o comportamento dos tres segmentos de mercado é semellante presentando crecementos importantes o turismo interno –sobe un 9% en Ourense e un 23% en Pontevedra- e o internacional –que mellora un 24% en Ourense e un 38% en Pontevedra-. En ambas provincias o segmento receptor nacional mantense relativamente estable en relación ao pasado ano –aínda que nun sentido estrito sobe un 1% nas dúas-.
- Nunha análise inversa obsérvase que o comportamento dos tres segmentos de mercado non é totalmente homoxéneo a nivel territorial. O mercado interno ten unha dinámica positiva en Lugo, Ourense e Pontevedra, con taxas de crecemento importantes que chegan ao 32% na primeira.
- O turismo receptor nacional, de menor dinamismo en relación aos outros dous, presenta un comportamento positivo nas dúas provincia do norte da comunidade –sobe en A Coruña e Lugo- quedando relativamente estable en Ourense e Pontevedra.
- Finalmente o turismo internacional mellora nas provincias de A Coruña –un 9,5%- e con notable intensidade en Ourense e Pontevedra –un 24% e 38% respectivamente-. Cae levemente en cambio en Lugo –un 1,7% neste caso-.


Fig 19. Estadía media nos establecementos hoteleiros, por provincias. Outubro 2016



- A estadía media sitúase por debaixo das dúas noites de media en dúas das catro provincias galegas –en A Coruña e Lugo- rexistrando valores equivalentes en ambas con pouco máis de 1,6 noites. En Ourense a estadía sitúase xustamente no contorno das dúas noites mentres que en Pontevedra ascende a 2,4 noites de media neste décimo mes do ano -unha vez máis marca o valor máis elevado do conxunto da comunidade.


- A estadía media hoteleira amosa un comportamento dispar a nivel territorial. Descende en A Coruña e Ourense –un 3,3% en ambas- e sobe en Lugo –un 12,0%- e Pontevedra –un 2,3% neste caso-.
- En termos globais o comportamento da demanda hoteleira en cada unha das provincias galegas condiciona neste décimo mes do ano a dinámica das cifras de ocupación se ben nalgúns casos vese tamén influenciada pola evolución da oferta dispoñible. En particular, e tal como se observa na figura posterior, a ocupación sobe nas catro provincias galegas –con diversa intensidade-.

Fig 20. Grao de ocupación hoteleira e variación interanual, por provincias. Outubro 2016



- A Coruña e Lugo son as provincias onde os niveis de ocupación melloran con maior intensidade como consecuencia do bo comportamento da demanda nun contexto no que descende a oferta dispoñible, isto é, o volume de prazas ofertadas cae en relación a outubro do pasado ano –un 3,2% en A Coruña e un 5,6% en Lugo-, ampliando o efecto positivo do crecemento das pernoctacións e elevando os niveis de ocupación en máis de catro puntos porcentuais na primeira e en 5,4 puntos na segunda.
- En Pontevedra obsérvase tamén unha mellora notable dos niveis de ocupación –sobe en catro puntos neste caso-. Este incremento atribúese en exclusiva ao crecemento da demanda pois a oferta mantense estable en relación ao pasado ano.
- O menor incremento relativo acontece na provincia de Ourense onde os niveis de ocupación melloran en pouco máis dun punto porcentual como consecuencia dun incremento da demanda –do 6,6%- nun contexto no que tamén sobe o volume de prazas ofertadas –un 1,7% neste caso-, amortiguando desta maneira o efecto positivo da mellora das pernoctacións.
- Os hotéis e pensións de A Coruña son os que rexistran neste décimo mes do ano as cifras de ocupación máis elevadas, cun 41,4% de media. Superan os niveis acadados nas restantes tres provincias sendo parecido en Pontevedra –onde se rexistra un 40,0%- e menor en Lugo –cun 33,5%- e Ourense –cun 29,0% neste caso-.


Fig 21. Variación interanual do grao de ocupación hoteleira, por provincias e tipoloxías. Outubro 2016/15



- A dinámica dos niveis de ocupación en cada provincia ten un comportamento parello na dirección –mellora en todos os segmentos en relación ao pasado ano- mais difire en intensidade. En calquera caso os incrementos son moi destacados a nivel xeral e soamente se observa como pequena excepción a mellora de 0,4 puntos nos hotéis da provincia de Ourense –froito dun crecemento da demanda pouco perceptible-.
- Nas restantes tres provincias mellora a ocupación nos hotéis de forma notable: en 2,7 puntos en A Coruña, en 6,1 puntos en Lugo e en 3,4 en Pontevedra.
- Nas pensións as melloras son tamén notables e xeneralizadas destacando en intensidade o incremento rexistrado en A Coruña –de case sete puntos- e en Pontevedra –próximo aos oito puntos porcentuais-. En Lugo e Ourense a mellora da ocupación nas pensións sitúase en valores próximos aos catro puntos porcentuais.
- En outubro son os hotéis da provincia de A Coruña os que presentan o nivel de ocupación máis elevado do conxunto da oferta hoteleira, rexistrando un promedio do 45,9%. A cifra máis baixa, en cambio, localízase nas pensións da provincia de Ourense cun 17,0% de media neste décimo mes do ano.
- Dentro da análise territorial da demanda hoteleira podemos discernir o comportamento a nivel dos grandes xeodestinos turísticos de Galicia. Neste sentido, tal como se observa na figura posterior e por cuarta vez neste ano, o destino de maior volume e peso é Rías Baixas –correspóndese con todo o litoral e parte do interior da provincia de Pontevedra así como o litoral sur da provincia de A Coruña- que absorbe o 35,5% do total da demanda hoteleira do mes de outubro. En xullo e agosto a porcentaxe era superior, do contorno do 45%.
- Nun segundo grupo localízanse os outros dous destinos que tradicionalmente teñen tamén un peso importante. Son Rías Altas –que absorbe A Coruña e área metropolitana xunto coa comarca de Ferrolterra- e Terras de Santiago. Representan o 14,7% e 26,1% do total da demanda respectivamente.


- Os tres grandes xeodestinos citados anteriormente absorben en conxunto ao 76% do total da demanda, isto é, tres de cada catro pernovernadas realizáronse nun hotel ou pensión localizado nos mesmos.

Fig 22. Distribución da demanda hoteleira por xeodestinos. Outubro 2016



- O 24% restante da demanda repártese noutros destinos da comunidade entre os que destacan a parte central da provincia de Lugo –cun 7,6%- e a provincia de Ourense –a excepción dos concellos que forman parte da Ribeira Sacra, cun 7,0% neste caso-.
- Os restantes tres xeodestinos –Costa da Morte, Mariña Lucense e Ribeira Sacra- teñen un peso global semellante, do contorno do 3-4% cada un deles.
- A nivel de xeodestinos obsérvase un comportamento certamente dispar non tanto no sentido das variacións pois melloran os niveis de demanda en boa parte dos mesmos senón na intensidade e nas características intrínsecas desas variacións.

Fig 23. Variación interanual dos viaxeiros e pernovernadas por xeodestinos. Outubro 2016/15



- Neste contexto xeral de comportamento positivo da demanda hoteleira tres xeodestinos constitúen a excepción neste mes de outubro: Rías Altas –destino onde o volume de pernoctacións descende un 1,9% como consecuencia da caída da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 4,7%-, a Costa da Morte –destino que neste caso presenta unha caída do 5,2% consecuencia dun menor volume de viaxeiros aloxados, descende un 2%, e unha menor estadía- e a Mariña Lucense –onde as pernoctacións caen un 1% froito dun descenso da estadía media tamén xa que o volume de viaxeiros aloxados mellora un 2,4% neste caso-.
- Nos tres casos os descensos son de baixa intensidade mais van no sentido contrario ao comportamento global no conxunto da comunidade e tamén nos restantes xeodestinos.
- Así, no lado positivo, destacan en intensidade os incrementos da demanda hoteleira en Lugo Central –que sobe un 19% grazas á combinación positiva de crecemento da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media- e na Ribeira Sacra –destino onde o volume de pernoctacións increméntase un 18% consecuencia basicamente dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae en realidade un 4%-. Neste caso un menor volume de viaxeiros fica de media máis tempo no destino xerando un maior volume de pernoctacións globais.
- Nos tres restantes destinos considerados melloran tamén os niveis de demanda hoteleira: un 13% en Terras de Santiago, un 12% nas Rías Baixas e un 6,5% no xeodestino Ourense. Nos tres casos os incrementos veñen favorecidos por un crecemento da cifra de viaxeiros aloxados.
- En termos absolutos a variación máis significativa prodúcese no destino Rías Baixas onde neste mes xeráronse preto de 29 mil novas pernoctacións en relación a outubro de 2015. No xeodestino Terras de Santiago o incremento e tamén importante e tradúcese en algo máis de 22 mil novas pernoctacións. No lado negativo o descenso máis acusado rexístrase en Rías Altas –máis de dúas mil pernoctacións- correspondendo boa parte deste descenso á área de A Coruña – As Mariñas.
- Rías Baixas é unha vez máis o xeodestino que presenta o valor máis elevado da estadía media hoteleira cun promedio de 2,4 noites neste mes de outubro –cifra equivalente á de setembro-. Marca claramente unha diferenza cos restantes destinos de Galicia onde a estadía media fica por debaixo das dúas noites de media. Sitúase xustamente preto de dúas noites na Ribeira Sacra e no xeodestino Ourense e colócase por debaixo desa cifra nos restantes xeodestinos.
- Neste caso varían os valores finais quedando en 1,8 noites de media nas Rías Altas, en 1,7 noites na Costa da Morte e na Mariña Lucense e en 1,5 noites tanto en Terras de Santiago como no xeodestino Lugo Central.
- En termos de ocupación hoteleira obsérvase neste mes un comportamento máis homoxéneo con melloras xeneralizadas a nivel territorial –coa única excepción do caso de Rías Altas onde en liñas xerais a ocupación dos establecementos hoteleiros mantense estable en relación ao pasado ano froito dunha caída da oferta paralela ao descenso da demanda-.
- O incrementos máis notables en termos de ocupación acontecen en Terras de Santiago –onde se rexistra unha mellora de 6,6 puntos porcentuais- e en Lugo Central –onde o incremento se traduce en case oito puntos-. En ambos casos o notable crecemento da demanda prodúcese nun contexto de restrición da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 2,2% en Terras de Santiago e un 5,9% en Lugo Central-, favorecendo os resultados positivos en termos de ocupación.

- Con menor intensidade pero tamén importante –en torno aos catro puntos porcentuais- mellora a ocupación nos hoteis e pensións da Ribeira Sacra e das Rías Baixas, froito neste caso dun crecemento da demanda superior en intensidade ao incremento da oferta dispoñible. Algo semellante acontece no xeodestino Ourense se ben neste caso a diferenza é menor entre ambas dinámicas de aí que o ocupación global mellore máis modestamente, en algo máis dun punto porcentual neste mes de outubro.
- Casos máis curiosos son os da Costa da Morte e a Mariña Lucense que presentan neste mes unha mellora dos niveis de ocupación –de 3,2 puntos porcentuais no primeiro e de 2,6 puntos no segundo- como consecuencia dunha caída da oferta dispoñible superior en intensidade ao descenso da demanda –medida en pernoctacións-. O volume de prazas ofertadas descende un 17% na Costa da Morte e un 11% na Mariña Lucense en comparación cos datos de outubro de 2015 producíndose así un axuste importante e de maior intensidade á caída da demanda. Mellora a ocupación en ambos destinos nun contexto negativo.
- A evolución da oferta dispoñible condiciona por tanto nalgúns destinos o comportamento dos niveis de ocupación.
- Os hoteis e pensións do destino Terras de Santiago - Deza son os que rexistran o nivel de ocupación máis elevado neste mes de outubro cun promedio do 49,9%. Nun segundo grupo sitúanse –cunha ocupación media que oscila entre o 35% e o 40%- os establecementos hoteleiros das Rías Altas, Lugo Central, Ribeira Sacra e Rías Baixas.
- No lado contrario son os establecementos hoteleiros da Costa da Morte e da Mariña Lucense os que rexistran neste mes os niveis máis baixos, con pouco máis do 25% de media.

ANÁLISE EN DESTINOS URBANOS

Finalmente, e como último apartado correspondente ao mes de outubro, recóllese unha análise da conxuntura hoteleira nos principais destinos urbanos de Galicia en base aos datos que facilita a Enquisa de Ocupación Hoteleira. Presentamos os resultados para as seguintes cidades galegas:

- A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Lugo e Ourense.


Tab 7. *Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación en estab. hoteleiros, nas cidades. Outubro 2016*

		A CORUÑA	SANTIAGO	VIGO	LUGO	OURENSE
VIAXEIROS	Nº	42.814	90.841	32.950	15.383	11.279
	Var. 16/15	3,4%	16,7%	24,7%	10,8%	13,4%
NOITES	Nº	73.866	148.928	63.775	26.687	18.441
	Var. 16/15	-2,9%	13,2%	15,5%	18,6%	7,8%
ESTADÍA MEDIA	Nº	1,73	1,64	1,94	1,73	1,63
	Var. 16/15	-6,1%	-3,0%	-7,3%	7,0%	-4,9%
% OCUPACIÓN	%	43,91%	61,07%	46,53%	51,46%	46,69%
	Var. 16/15	-1,98	7,86	3,53	10,45	3,48

- Santiago de Compostela é a cidade que neste décimo mes do ano rexistra o maior volume de demanda nos hoteis e pensións. Con algo máis de 90 mil viaxeiros aloxados e preto de 150 mil pernoctacións lidera o mercado turístico nos destinos urbanos da comunidade. Seguen en orde de importancia A Coruña –con case 74 mil pernoctacións- e Vigo –con preto de 64 mil neste mes de outubro-.
- Os tres principais destinos urbanos de Galicia xeran preto de 290 mil pernoctacións e absorben o 38% do total da demanda hoteleira de Galicia neste décimo mes do ano. Se engadimos as cidades de Lugo e Ourense –a primeira con preto de 27 mil pernoctacións hoteleiras e a segunda con algo máis de 18 mil- obsérvase que en outubro o 44% da demanda hoteleira concéntrase nestes cinco destinos urbanos, porcentaxe superior á rexistrada no verán e no mes de setembro aínda que non chega ás cifras que se observaban, por exemplo, en maio e xuño –cando se aproximaba ao 48% do total da comunidade-.
- Recupérase dalgunha maneira o peso e o predominio que o turismo urbano tiña antes do período estival logo de que en xullo e sobre todo agosto perdera protagonismo en favor do turismo de litoral –cun perfil máis vacacional-. Non é que se revertera completamente o panorama mais a tendencia leva a un perfil máis propio da temporada media.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo no que atinxe á evolución da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. En particular increméntase en todos eles, a taxas variables mais importantes, agás en A Coruña –destino onde o volume de pernoctacións hoteleiras descende en relación ao pasado ano froito dunha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 3,4%-.

- Desde o punto de vista da intensidade o crecemento máis destacado localízase na cidade de Lugo onde a demanda hoteleira increméntase nun 19% -froitado da combinación positiva do incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 11%, e a mellora da estadía media-.
- En Santiago e Vigo obsérvase tamén unha dinámica moi positiva con incrementos que superan o 10% interanual –en particular sitúanse no 13% no caso de Compostela e no 15,5% para a cidade olívica-. Neste contexto é a cidade de Ourense a que presenta o crecemento máis moderado aínda que importante –as pernoctacións hoteleiras soben neste caso un 8%-.


Fig 24. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións nas cidades de Galicia. Outubro 2016/15



- En todos os destinos urbanos a mellora dos niveis de demanda prodúcese como consecuencia do incremento da cifra de viaxeiros aloxados, restrinxida en case todos os casos pola caída da estadía media –só en Lugo se observa unha dinámica paralela co que a mellora da estadía media favorece o crecemento global da demanda-. En termos relativos os incrementos máis destacados sitúanse en Vigo –cunha suba do 25%- . No lado contrario é A Coruña a cidade que presenta o incremento máis moderado, do 3% neste caso.
- En todos os destinos urbanos considerados, agás en Santiago, rexístrase un maior peso do turismo nacional fronte ao internacional, en porcentaxes variables. Compostela marca unha vez máis a diferenza e a excepción respecto das catro restantes pois o maior volume e peso corresponde ao mercado internacional que absorbe o 56% do total das pernoctacións hoteleiras –cifra levemente inferior á do mes de setembro, cando chegaba ao 60%, mais importante pois insértase nun contexto no que a media de Galicia sitúase no 27%- . O mercado nacional representa en Santiago o 44% do total.
- Nas catro cidades restantes o peso do mercado nacional é significativamente superior e vai do 66% en Vigo ao 91% en Ourense, destino que neste mes ten a porcentaxe máis notable –aquí o turismo internacional non chega ao 10% do total da demanda hoteleira-.
- Da análise do comportamento dos dous grandes segmentos de mercado nos destinos urbanos de Galicia extráense as seguintes conclusións:


- En tres das cidades consideradas obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos da demanda –con diferente dirección e intensidade- e noutras dúas unha dinámica dispar.
- No caso de A Coruña, cidade na que se rexistra unha caída global das pernoctacións hoteleiras, a evolución é parella e descende tanto o turismo nacional –un 3%- coma o internacional –preto dun 2% neste caso-. Son variacións suaves, pouco intensas, mais van na mesma dirección e contribúen ao comportamento negativo da demanda no sector hoteleiro.
- En Santiago e Lugo a dinámica dos dous segmentos de mercado é tamén parella mais neste caso positiva, con incrementos en todo caso de maior intensidade no ámbito internacional –que sobe un 16% en Santiago e un 21% en Lugo- fronte ao nacional –que mellora un 10% en Compostela e un 18% en Lugo-.
- O bo comportamento da demanda hoteleira en Vigo atribúese en exclusiva ao turismo internacional –que supera nun 66% os niveis de outubro de 2015- ficando o mercado nacional estable en canto ao volume de pernoctacións hoteleiras.
- Finalmente Ourense marca tamén unha excepción no que atinxe ao comportamento dos mercados, con mellora do segmento nacional –que sobe un 12%- e caída paralela do internacional –que descende neste caso un 20%-.
- Nun sentido inverso obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nos destinos urbanos de Galicia. O turismo nacional sobe e mellora claramente en Santiago, Lugo e Ourense, ficando estable en Vigo e caendo levemente en A Coruña. O mercado internacional en cambio amosa dinámica positiva en Santiago, Vigo e Lugo, con leve descenso en A Coruña e caída máis notable en Ourense.

Fig 25. Variación interanual das pernoctacións por procedencia e para as cidades. Outubro 2016/15



- A estadía media nos hoteis e pensións das diferentes cidades de Galicia descende de forma xeneralizada neste mes de outubro salvo no caso de Lugo –onde se rexistra un incremento do 7,0%-. A caída máis intensa localízase en Vigo onde a estadía media do viaxeiro descende nun 7,3%. Nas restantes tres cidades o descenso é variable: do 6,1% en A Coruña, do 4,9% en Ourense e do 3,0% en Compostela. Tal circunstancia, ademais de diminuír os valores propios da estadía do viaxeiro nas cidades de Galicia, provoca un efecto negativo sobre a dinámica das pernoctacións hoteleiras nas mesmas.
- Neste contexto os niveis de estadía media hoteleira fican por debaixo das dúas noites en todas as cidades rexistrando o valor máis alto en Vigo –con 1,9 noites- e o máis baixo en Santiago e Ourense –con pouco máis de 1,6 noites-.
- No relativo aos niveis de ocupación obsérvanse tamén neste mes variacións homoxéneas que van na liña do comportamento observado pola demanda en cada destino urbano. En particular melloran en todas as cidades -con diversa intensidade- agás en A Coruña onde se rexistra unha caída de dous puntos porcentuais provocada por un descenso da demanda nun contexto no que ademais a oferta dispoñible incrementouse nun 1,2%.

Fig 26. Grao de ocupación hoteleira e variación interanual nas cidades de Galicia. Outubro 2016



- Destaca neste mes a mellora da ocupación nos hoteis e pensións de Lugo onde se superan en máis de dez puntos as cifras do pasado ano. O forte crecemento da demanda, do 19%, acontece nun contexto de descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 5%- circunstancia que favorece a mellora da ocupación. A dinámica de ambas variables, oferta e demanda, inflúen positivamente no incremento da ocupación hoteleira.
- En Santiago sobe tamén a ocupación de forma notable, en case oito puntos porcentuais, circunstancia que se explica polos mesmos motivos: incremento da demanda –o volume de pernoctacións hoteleiras sobe un 13%- nun contexto de leve descenso da oferta –a cifra de prazas dispoñibles cae un 2% neste caso-.
- En Vigo e Ourense melloran tamén os niveis de ocupación hoteleira con menor intensidade mais de forma parella. Sobe en algo máis de tres puntos porcentuais en ambas se ben por diferentes

motivos. En Vigo o incremento da demanda vese condicionado por unha suba da oferta dispoñible –do 6%– o que amortigua o efecto positivo inicial. En Ourense a oferta mantense estable co que toda a suba da demanda se traduce en mellora dos niveis de ocupación.

- Santiago é o destino que rexistra os niveis de ocupación máis elevados cun promedio do 61,1% neste mes de outubro. En Lugo, froito do forte incremento rexistrado neste mes, a cifra achégase ao 51,5%, a segunda máis elevada dos destinos urbanos de Galicia. As tres restantes cidades fican por debaixo do 50% de media, con cifras parellas: a ocupación sitúase no 46,7% en Ourense, no 46,5% en Vigo e no 43,9% en A Coruña –cidade que neste mes presenta a porcentaxe máis baixa–.
- Do mesmo xeito que acontecía en setembro e a diferenza do que se observaba no verán, neste mes todos os destinos urbanos presentan un nivel de ocupación superior á media de Galicia –que se sitúa no 38,5%–.